OpenSSH

Este artigo está en construción. Os autores do mesmo están traballando nel.
Se queres axudar á súa realización ou, simplemente, queres facer algún tipo de comentario, envía un mail a un dos autores que aparecen no pé deste artigo."

Sumario

Introdución ao servidor OpenSSH

OpenSSH (*Secure Shell*, Entorno Seguro) é un paquete que contén un grupo de programas para a transferencia remota segura:

- **scp (*Secure Copy*, Copia segura).**
- **ssh (*Secure Shell*, Intérprete de comandos seguro).**
- **sftp (SSH *file transfer protocol*, Protocolo de transferencia de arquivos sobre SSH).**

ssh é a ferramenta a elixir para a administración remota do sistema. Poderemos iniciar sesión en sistemas remotos e executalos coma si estivésemos fisicamente neles. O inicio de sesión e os datos cífranse e compróbase se os arquivos enviados foron alterados durante a transferencia.

En realidade SSH non é un intérprete de comandos, SSH é un protocolo. Hai dúas versións incompatibles entre si: **SSH-1** e **SSH-2**.

Na actualidade emprégase SSH-2 que está descrito en 5 documentos:

- ◊ **SSH *Assigned Numbers* (RFC 4250)**
- ◊ **SSH *Protocol Architecture* (RFC 4251)**
- ◊ **SSH *Authentication Protocol* (RFC 4252)**
- ◊ **SSH *Transport Layer Protocol* (RFC 4253)**
- ◊ **SSH *Connection Protocol* (RFC 4254)**

Instalación do servidor SSH

Instalamos o servidor **OpenSSH**. Por exemplo, para instalalo nunha distribución Ubuntu:

```
# apt-get install openssh-server
```

Arrancar o servidor SSH

O demo de SSH é *sshd*. Para iniciar sshd:

```
# /etc/init.d/sshd start
```

Para deter sshd:

```
# /etc/init.d/sshd stop
```

Así e todo, o mellor é comprobar os nomes dos arquivos *init*, pois poden variar segundo a distribución.

Agregar seguridade ao servidor SSH

Enlace de interese para a distribución Ubuntu.

É interesante aumentar a seguridade do servidor, para iso editaremos o arquivo /etc/ssh/sshd_config e cambiaremos ou engadiremos as seguintes liñas:

Cambiar o porto por defecto

Por defecto o SSH escoita no porto 22, é interesante cambialo por un que só nos saibamos. Por exemplo, para facer que escoite no porto 1122 engadiremos a directiva **Port**:

```
Port 1122
```

Conexión dende un PC con Windows

O mellor neste caso é empregar o software PuTTY.

O único que hai que facer é descargalo, instalalo e executalo. Despois debe de escribirse o nome, ou a IP, do ordenador ó que se quere conectar, e logo facer clic en Open.

O programa é un executable (putty.exe), colle en calquera disquete e pode executarse dende unha memoria USB, disquete ou similar.

Para acceder dende Windows tamén poderíamos utilizar o Cygwin.

- **Ligazón de Interese:** Putty para plataformas Windows e UNIX

Exemplos conexión SSH

Ligazón Exemplos